

## A natureza mariñán diante dun futuro incerto

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 25 DE SETEMBRO

### **Limpeza simultánea dos ríos galegos**

Imos achegarnos ó río Mendo (concello de Coirós) para participar na decimoterceira limpeza simultánea dos ríos galegos, que coordina o Proxecto Ríos. O obxectivo é recoller todo canto lixo atopemos no entorno da ponte da Ermida, nun entorno de bosque ripario que merece ser conservado.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 9:30 da mañá para compartir vehículos. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas.

O lugar de recollida non é dificultoso, pero é conveniente vestir botas de auga e roupa axeitada para traballar no monte en función do tempo que faga. Leva unhas luvas de coiro ou de cociña. Tamén é recomendable levar unha máscara sanitaria, para usala cando se comparta vehículo e no caso de que sexa necesaria cando se recollan os refugallos.

Fragas do Mandeo contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, concello de residencia, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.

A Deputación da Coruña financiará nun 80 % os seguros de voluntariado desta xornada.